
Polygala vulgaris subsp. vulgaris L., 1753

- polígala común, herba leiteira, leiteira
- hierba de la cría, h. lechera, serranilla
- poligala arrunta, poligala txiki
- angelets, herba blava
- common milkwort
- erva leiteira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Polygalaceae**	***Polygala***

ORIXE

Rexión eurosiberiana, que abarca dende o noroeste de Rusia ata as Illas Británicas e parte de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Herba vivaz e delgada, con talos leñosos na base e de ata 35 cm de altura. Follas dispostas de forma alterna. As inferiores son ovaladas e as superiores son lanceoladas e lixeiramente máis grandes. Flores en acios terminais cónicos de cor principalmente azul ou rosa, con variedades raramente esbrancuxadas. Son irregulares con tres brácteas e tres pétalos desiguais.

HÁBITAT

Prados, pastos, matogueiras abertas, campos de cultivo e noiros.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuída por Europa e localízase en case toda a metade norte da Península Ibérica.

CURIOSIDADES

O que parecen ser dous grandes pétalos exteriores son en realidade dous sépalos internos modificados e de gran tamaño, a miúdo chamados “ás”. Os verdadeiros pétalos son máis pequenos e atópanse no interior.